

CERTIFICACIÓN

Lucia Artime Alonso, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 09 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE PREMIOS DO “SAMAÍN 2025”. EXPEDIENTE GD 15690/2025

Figura no expediente, Providencia de inicio da Alcaldía

Figura no expediente informe proposta **das bases e da convocatoria do concurso de premios do “SAMAÍN 2025”** asinado pola concelleira delegada de Promoción económica e o técnico do servizo de data 08.10.2025 ([CSV:15220IDOC21D50785401148E4997](#))

Figura Informe de Secretaría sobre o procedemento, de data 08.10.2025 ([CSV:15220IDOC220EC163E73CD404EA7](#))

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 543/2025) ([CSV:15220IDOC2A369168D5F885249A8](#))

A presente convocatoria está recollida na cuarta modificación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, aprobada polo Pleno en sesión do 26.09.2024:

LINEA DE SUBVENCION	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIÓNAL	ECONOMICA	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
Premios concurso de escarparismo Samaín	Promover a participación dos comerciantes de Ames, en distintos programas e eventos relacionados co comercio	Achegar ao comercio amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade comercial do Concello e premiando o esforzo dos comerciantes na promoción da actividade comercial	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2024-2025	2.000,00	4314	47903	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenncia competitiva

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023, BOP núm. 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobación das bases e a convocatoria do Concurso de Premios do Samaín 2025, de acordo coas bases que figuran coma Anexo I deste acordo.

Segundo. Aprobación do gasto por importe de 2.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47903 do orzamento xeral para o exercicio 2024, prorrogado para o 2025.

Terceiro. Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do extracto da

convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES DO CONCURSO DOS PREMIOS DO “SAMAÍN 2025”

Concellaría	Promoción económica
Anualidade	2025
Denominación	CONCURSO DOS PREMIOS DO “SAMAÍN 2025”
Beneficiarios	Establecementos do Concello de Ames
Aplicación orzamentaria	4314.47903
Importe da convocatoria	2.000 €
Importe dos premios	Primeiro/a clasificado/a: 1.000 € Segundo/a clasificado/a: 600 € Terceiro/a clasificado/a: 400 €

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción do comercio local coa intención de incrementar o consumo atraendo o maior número de persoas ao Concello de Ames. Deste xeito o Concello organiza actividades para fomentar o consumo no comercio local.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto promover a participación dos establecementos de hostalaría e comercio de Ames, en distintos programas e eventos relacionados coa actividade empresarial, co obxectivo de crear un foco de atracción da clientela e aumentar o consumo en Ames.

Deste xeito achegárase o empresariado amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade empresarial do Concello e premiando o esforzo dos/as empresarios/as na promoción da actividade empresarial.

Esta convocatoria pretende incentivar aos empresarios/as do Concello para que adornen os establecementos con un tema común “Samaín” de xeito que se ambientará esta celebración e se contribuíra a fixar a clientela no noso comercio.

A esta convocatoria seralle de aplicación o disposto na Disposición adicional da ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP número 237 do 10 de decembro de 2024).

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP núm. 23, do 4 de febreiro de 2025).
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006 (BOP núm. 198, do 29 de agosto de 2006).

TERCEIRA.- OBXECTO DOS PREMIOS

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de premios do “Concurso dos Premios de Samaiñ 2025” destinada a dinamizar o sector comercial.

CUARTA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O gasto da convocatoria ascende a 2.000,00€ que serán imputables á aplicación orzamentaria 4314.47903 do orzamento concello de 2024 prorrogado para 2025.

QUINTA. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

5.1 Requisitos xerais:

As persoas participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Non estar incursas en ningunha das causas de prohibición para percibir subvencións, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, incapacitantes para obter a condición de beneficiario. As persoas participantes están obrigadas a presentar unha declaración responsable de non atoparse incursas en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non ter débedas en período executivo de pago co Concello de Ames no momento da concesión, de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.
- Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

5.2 Requisitos específicos

Poderán participar no concurso persoas físicas e xurídicas titulares ou cotitulares dun establecemento situado no Concello de Ames que conste dado de alta na matrícula do IAE deste Concello.

No caso de persoas físicas é obrigatorio ser maior de idade.

No poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado e que sexan titulares ou cotitulares dun

establecemento en Ames, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

SEXTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

6.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.2 Prazo de presentación

O prazo de presentación comezará ao día seguinte á publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O último día de presentación de solicitudes será o día 22 de outubro de 2025.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

6.3. Documentación a presentar

A) Persoas físicas

- Solicitud de participación como persoa física cuberta e asinada (anexo I)
- Achegar: Copia do Documento Nacional de Identidade

B) Persoas xurídicas

- Solicitud de participación como persoa xurídica cuberta e asinada (anexo I)
- Achegar:
 - Escritura de constitución e poderes de representación da persoa solicitante.
 - CIF da entidade.

Soamente poderá presentarse ao concurso un único proxecto por establecemento.

6.4. Formas de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a presentar a súa solicitude de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>).

As persoas físicas, de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderán optar por presentar a súa solicitude por calquera das seguintes vías:

- De forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello de Ames ou mediante o formulario habilitado na páxina web municipal: www.concellodeames.gal
- De forma presencial, en:
 - As oficinas de rexistro do Concello de Ames: Casa do Concello en Bertamiráns ou nas Oficinas Municipais no Milladoiro.
 - Calquera outro rexistro das administracións públicas recollido no artigo 16.4 da Lei 39/2015 (LPACAP).

6.5. Envío adicional por correo electrónico

Unha vez rexistrada a solicitude por calquera dos medios anteriores, deberá remitirse copia do xustificante de presentación da solicitude xunto co vídeo do establecemento decorado, de como máximo 30 segundo ao seguinte correo electrónico habilitado pola organización: amesnarua@gmail.com

Soamente se admitirán os vídeos enviados no prazo indicado e para os que conste a solicitude de participación rexistrada no Concello ata o 22 de outubro de 2025.

O último día de presentación do vídeo será o 28 de outubro de 2025.

A participación neste certame implica a aceptación das normas recollidas nestas bases reguladoras.

6.6. En relación á decoración dos establecementos

Os motivos e decoración dos establecementos terán como tema a Festa de Samain.

O interior do establecemento así como o escaparate, deberán manter a súa decoración entre os días 27 de outubro de 2025 e o 02 de novembro de 2025.

Se no momento da visita dalgunha das persoas que forman parte do xurado os establecementos que participan no concurso non teñan a decoración montada quedarán excluídos do concurso.

SÉTIMA.- RÉXIME, IMPORTE DA CONVOCATORIA E IMPORTE DOS PREMIOS

Trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva.

O importe da convocatoria e dos premios ascende a 2.000€.

Importe dos premios:

- Primeiro/a clasificado/a: 1.000 €
- Segundo/a clasificado/a: 600 €
- Terceiro/a clasificado/a: 400 €

O concurso do “Samaín 2025” tamén está dotado coa cesión de espazos publicitarios gratuítos en Ames Radio durante un mes consecutivo, a determinar de acordo coas necesidades de programación da radio municipal, para os tres gañadores.

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

OITAVA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado estará composto por 3 membros:

Un/unha usuario/a do Coworking A Proa de Ames.

Un/unha representante do voluntariado de protección civil de Ames

Un representante da Unión de Consumidores de Galicia

Un/unha traballador/a da Concellaría de Promoción Económica actuará como secretario/a, con voz pero sen voto. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan aos/ás beneficiarias dos premios.

A composición do xurado publicarase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría Promoción económica.

NOVENA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado valorará os a decoración dos establecementos participantes pola súa capacidade de atracción e xeración do desexo de compra, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia. Do mesmo xeito, valorarase a utilización de elementos propios do obxecto de venda da actividade e materiais de refugallo.

Deste xeito os establecementos serán valorados:

- 1 - Desexo ou atracción de compra (5 puntos)
- 2 - Orixinalidade e composición (5 puntos)
- 3 - Emprego dos propios produtos do comercio ou tenda (5 puntos)
- 4 - Fomento de sustentabilidade (emprego dos produtos reciclados, etc.) (5 puntos)

Os establecementos serán valorados por cada un dos membros do xurado sumada a puntuación de cada un deles farase unha media a puntuación máxima é de 20 puntos.

DÉCIMA.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

O órgano competente para a instrución do procedemento será o servizo de Promoción económica ao que lle corresponde a interpretación das bases.

Este departamento porá a disposición do xurado todas as candidaturas recibidas dentro do prazo establecido. Se algunha das candidaturas incumpre os requisitos establecidos faráselle saber ao xurado para que determine se procede ou non a súa exclusión.

As deliberacións do xurado son secretas e non se establecerá comunicación ningunha coas persoas participantes.

O departamento de Promoción Económica, de acordo co ditame do xurado, proporánlle á Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, órgano competente en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño, a concesión dos premios e a resolución definitiva da convocatoria.

O fallo do xurado darase a coñecer durante o mes de novembro de 2025, en calquera caso o procedemento de concesión dos premios resolverase como máximo nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao de publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

Os/as participantes deberán responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.

En todo caso, o Concello de Ames queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmonte.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais, mediante o uso de redes sociais. A participación no concurso supón a aceptación total destas bases.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descalificación no Concurso.

DÉCIMO SEGUNDA.- Pagamentos e reintegros.

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indicasen as persoas premiadas.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente. O pago realizarase, no prazo e forma previstos, mediante transferencia bancaria á conta que indicase o premiado unha vez que o xurado resolva a concesión.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

O concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria dos "Premios do Samaín 2025", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou re-

tirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DÉCIMO QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do concello e polos membros do Xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

DÉCIMO SÉXTA.- ÓRGANO DE CONTROL

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP núm 237 do 10 de decembro de 2024), na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE PREMIOS DO “SAMAÍN 2025”

DATOS DO ESTABLECEMENTO

Nome Comercial

NIF;CIF

Actividade

Domicilio

Localidade

Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

DATOS DA PERSOA TITULAR OU COTITULAR

Nome

DNI

Domicilio

Localidade

C.P..... Provincia

Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

En relación á convocatoria da bases dos premios do concurso do “SAMAÍN 2025”.

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1º.- Que acepto as bases da convocatoria.

2º.- Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

3º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

4º.- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.

AUTORIZO A CONSULTA

O SI O NON

Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

O SI O NON

Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social

O SI O NON

Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Ames

O SI O NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Concello de Ames

Finalidades do tratamento A finalidade específica da convocatoria dos "Premios do Samaiñ 2025"

Lexitimación para o tratamento Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude

Destinatarios dos datos Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais

Exercicio de dereitos As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios

Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios

Nota.- Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar:

1 - Copia do Documento Nacional de Identidade (persoas físicas).

DATA DE SINATURA: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
09/10/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria
Alcalde

NOME: Lucia Artime Alonso
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26AC3B27564B5744CA0

2.- Escritura de constitución e poderes de representación (persoas xurídicas)

3 - Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Concello e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao Concello á comprobación.

Ames, de de 2025

Sinatura do/a solicitante

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 09.10.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucia Artime Alonso

C.I.F.: P - 1500200 - I

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
09/10/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
09/10/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaria
Alcalde

NOME:
Lucia Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26AC3B27564B5744CA0